



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 25

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 29 de maio de 2013

Presidencia da Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Ben, bo día de novo.

Reiníciase a sesión co punto 6, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o avance producido, en termos de transparencia, durante o mandato do Sr. presidente da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Vázquez para formular a súa pregunta.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señores deputados.

Señor Feijóo, transparencia e transparentar é o contrario de ocultar. A pregunta é: ¿que está ocultando vostede? Leva vostede catro anos manipulando e enganando nas sesións de control parlamentario. Pero no caso da súa relación co narcotraficante Marcial Dorado ao longo de case nove anos a súa postura non é de ocultar, é un insulto permanente a este Parlamento e aos cidadáns de Galicia. Vostede está claro que non sabe como pasar esa páxina negra da súa historia e intenta facelo mentindo. Voulle dar probas desas mentiras e desas contradicións na relación que tivo vostede co señor Dorado.

Primeiro. O día 14 de maio fai declaracións pomposas dicindo que “ante as solicitudes de documentación do Partido Socialista de Galicia, queremos acreditar determinadas acusacións e explicar, polo tanto, que transparencia, toda; documentación, toda; e datos, todos”. 14 de maio.

15 de maio. Na anterior sesión parlamentaria di vostede xusto o contrario, recúa e di que “non podo garantir datos completos sobre as unións empresariais de Dorado e o Goberno galego porque os contratos anteriores ao 2003”

–cando vostede era amigo de Marcial Dorado– “foron destruídos”. En vinte e catro horas pasou de dicir unha cousa a dicir a contraria. O máis curioso, ao día seguinte, 16 de maio, comparece o secretario xeral do Sergas e déixao a vostede por mentiroso dicindo que non están destruídos os expedientes anteriores ao 2003 senón que son inmanexables e que non se poden ensinar.

Señor Feijóo, nesta Cámara primeiro veu vostede dicindo que non sabía quen era Marcial Dorado. Despois veu vostede dicindo: vou dar todos os datos e todos os contratos. A continuación di: non podo dar os datos e os contratos porque se destruíron os anteriores ao 2003. E a continuación di que non se destruíron pero que é moi complicado dalos. ¿Vostede cre que hai alguén que vaia crer a súa versión e a versión que está dando?

Señor Feijóo, se vostedes foron capaces de ensinar os datos en catro días do que licitou, do que adjudicou o Goberno galego durante vinte anos a Marcial Dorado en dez consellerías, ¿como non é capaz de dar os datos dunha consellería...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...da que curiosamente vostede era o secretario xeral técnico?

Señor Feijóo –remato–, ¿que está pasando e que ten que pasar para acabar dunha vez dicindo vostede a verdade disto?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ¿Que está ocultando? E sobre todo unha pregunta: ¿estao ocultando porque o seguen ameazando os mesmos de antes?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ¿Ou é porque vostede non quere dicir a verdade?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Pensei, señor Vázquez, que ía vostede exercer de secretario do Partido Socialista e do grupo parlamentario máis importante da oposición. Vexo que non, que vostede exerce de telonero doutros grupos que preguntan polo mesmo. Pero como vén sendo habitual, lamentablemente, un partido que está de acordo coa Constitución, que está de acordo co Estatuto de autonomía, que gobernou en España o maior período democrático do noso país –máis de vinte anos– e que incluso gobernou co BNG en Galicia durante catro non quere exercer a oposición. En todo caso, señoría, a axenda vostede elixe, eu elixo o corresponder ao Parlamento e gobernar Galicia.

Señoría, non hai maior proba de transparencia que comparecer na Cámara e que compareza o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade a responder todo o que os arquivos e toda a relación de pagos do Servizo Galego de Saúde pon á disposición e á información do Goberno. Señoría, como vostede sabe, pediu información de 15.000 expedientes e de 17.000 millóns de pesetas durante os últimos vinte anos. E agora vén aquí dicir non sei que dos arquivos. Os arquivos da Xunta no ano 2009, señoría, vostedes atopáronos, de entre o ano 5 e o ano 9, e eu atopeinos no ano 9, eran os mesmos.

¿Vostedes destruíron documentos? Seguro que non. ¿Nós destruímos documentos? Asegúrolle que non. E, polo tanto, a cuestión non é só traer documentos, que poderíamos dicir: mire, os documentos que atopamos cando chegamos ao Goberno no ano 2009 son estes. Non, non quixemos facer iso, iso era o fácil; a cuestión era rastrexar os pagos e, polo tanto, dar unha información que incluso non se pedía. Porque non pediron subvencións, nin pediron axudas, tan só pediron contratos. E demos toda a información: dos contratos, das axudas e das subvencións, pero non baseados nunha documentación dun arquivo de hai vinte anos, non, en relación con todos os pagos que fixo a Tesourería da Comunidade Autónoma. E todo iso está á súa disposición.

O problema, señor Vázquez, é que non lle gusta a información. ¿Por que? Porque esa información destrúe a infamia

que vostedes levan durante dous meses. Xa lle digo, señoría, gustaríame que na próxima pregunta me fale vostede directamente dos contratos do señor Dorado, e así pedirei á presidenta a acumulación das preguntas para contestar á mesma oposición.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para réplica o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bueno, moitas grazas.

Señor presidente, vostede segue na liña de coherencia. Hoxe acábame de rebaixar de ser o responsable de filtrar o caso a telonero. Non está mal, xa non está mal, xa non é culpa do Partido Socialista, que ten unha campaña avesa para facerlle dano a vostede. Agora imos de teloneros.

Mire, voulle dar unha opinión: está empeñado cunha reforma electoral, a reforma da Cámara. Eu propoño unha reforma moi sencilla: artigo 1, dicir a verdade no Parlamento galego. *(Aplausos.)* Mire que fácil, ¿verdade? *(Aplausos.)* Ese é o artigo que lle fai falta para darlle credibilidade a esta Cámara e a este Parlamento.

Señor Feijóo, explíqueo como queira. Non hai ninguén que crea que vostedes puideron revisar as contas de vinte anos en dez consellerías e non as puideron revisar na consellería da que vostede era secretario xeral naquel momento. Mandaron vostedes o secretario xeral técnico explicar o inexplicable e o home non puido. Dixo: non, non, papeis hai, o que pasa é que non llos quero dar. *Es como si me mandan que lleve las camas al Parlamento.* Non, non traia as camas ao Parlamento, traia os papeis, traia os datos, traia as facturas.

¿Vostede cre que alguén lle vai crer este discurso? Vostede, que segue pretendendo falar e quedar ben pero non ensinar os papeis. Mire, eu fágolle as preguntas moi concretas, que é ao que estamos aquí. Moi fácil: ou mentiu vostede na anterior sesión parlamentaria ou mente o secretario xeral técnico da consellería. Ou mente el cando di que hai os documentos ou mente vostede, que dixo aquí que non os había. A pregunta é: se non se destruíron os documentos, ¿por que non os trae aquí e nolos ensina?

Remato, señor presidente, cunha cousa.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Explique –que levamos moitas sesións– cal era o motivo da súa amizade con Marcial Dorado. Explique cales foron (*Murmurios.*) –si– as relacións de empresas deste narcotraficante co Goberno galego.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Explique, señor Feijóo –ten outra oportunidade–, por que presentou a dimisión no 2003 ante o señor Fraga e agora di que non hai por que falar diso. A pregunta sobre todo que lle deixo aí –estamos en Cámara parlamentaria, estamos no Parlamento, respecte o Parlamento–: ¿quen mentiu: vostede na anterior sesión ou o secretario xeral técnico na comparecencia parlamentaria? Dígolle...

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, xa non ten a palabra. Moitas grazas, señor Vázquez.

(Aplausos.)

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Vázquez, non teño ningún interese en rebaixalo, creo que cando vostede fala... Non vou seguir, señoría, simplemente digo que cando vostede fala se retrata. Vostede dixo –está publicado– que aínda ían saír moitas máis fotos, saberá vostede por que. ¿Que pasa? ¿Que as ten e non as saca? *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Señoría, ¿tenas e non as saca?

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, chámoo á orde. ¡Chámoo á orde!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En consecuencia, señoría, se é telonero ou non, o que é evidente é que vostede fai o mesmo que lle manda alguén,

que non está no seu grupo lamentablemente. Porque o seu grupo é un grupo que está acostumado a debater, que está acostumado a propoñer e que está acostumado a construír. Se o Partido Socialista Obreiro Español estivera dirixido por vostede en España, é evidente que nunca ganaría unhas eleccións.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Segunda chamada á orde, señor Beiras.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E se o Partido Socialista Obreiro Español segue dirixido por vostede en Galicia, a verdade é que as cousas non van moi ben.

Pero, en todo caso, señoría, mire, eu nos últimos sesenta días –que é o que levamos aquí entretidos con este asunto e eu xa advertín: se queren, podemos pasar toda a lexislatura– gobernei. Vou seguir gobernando. Non se preocupe, estas sesións de control xa as teño totalmente controladas dende respostas, contidos... *(Murmurios.)* Porque, ¿que me pide vostede? ¿Que minta no Parlamento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que diga cousas que non son certas? O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade é interventor da Seguridade Social, é non só unha persoa competente senón que ademais é unha persoa honorable. *(Murmurios.)* E remítome ás súas declaracións en relación co Servizo Galego de Saúde.

Señoría, reitérolle, reitérolle: se vostede quere falar de transparencia, falemos de transparencia, señoría. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Falemos de transparencia.

Comprendo que as cousas que estou dicindo non lle gustan á oposición, é normal. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Leva tanto tempo...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Beiras!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Leva tanto tempo con este asunto...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que ve que non hai, e como non hai...

A señora PRESIDENTA: Presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e como non hai, señoría, non se pode inventar.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

Señor Vázquez, mentres vostede se dedica ao que se dedica, o Goberno aprobou o Proxecto de lei de inclusión social, a Lei de garantías de prestacións sanitarias, o Anteprojecto da lei do emprendedor e a Lei de racionalización da Xunta de Galicia; propuxo a baixada selectiva de cinco impostos, e seguimos pactando coas deputacións o despregamento das emerxencias para o verán. Señoría, esa é a miña axenda. E dígolle: se quere transparencia, toda.

Aínda sendo vostede conselleiro aínda non nos aclarou como é posible adxudicar 83 obras...

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, chámola á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por emerxencia, con 40 millóns de euros –non estamos falando dos asuntos de 100.000, 200.000, 300.000..., non, non, non...–...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...40 millóns de euros, 83 obras de emerxencia sen publicidade, sen concorrencia e a dedo. Iso é, señoría, a súa herdanza. Levo moito máis tempo que vostede gobernando, señoría, nunca fixen unha cacicada deste teor. *(Aplausos.)*

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a relación do Sr. presidente da Xunta de Galicia con Marcial Dorado

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera para facer a súa pregunta.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, vostede non merece continuar, e non o digo eu, díxoo vostede mesmo na campaña do 2009 cando afirmou que un presidente que non di a verdade non merece outra oportunidade.

E vostede, señor Feijóo, non di a verdade. Vostede mente por sistema. Mire, mentiu cando presumía de rigor nas contas públicas e logo o Consello de Contas demostrou que facía trampas. Mentiu cando asegurou que o futuro de Novagalicia Banco estaba blindado e agora sabemos que vai ser vendida a prezo de saldo. Mentiu cando dixo en campaña que non ía esixir máis recortes aos empregados públicos. Mentiu tamén cando dixo estar en contra da quita aos estafados polas preferentes. E onte mesmo fixeron o paripé de votar aquí en contra da quita e despois votar si en Madrid, *(Aplausos.)* a favor da quita en Madrid. E segue mentindo, señor Feijóo, en todo o relativo á súa relación con Marcial Dorado.

Mire, primeiro dixo que fora unha relación ocasional, froito dunha amizade común. Logo soubemos que esa relación de ocasional non tivo absolutamente nada, foi unha relación estreita e prolongada no tempo, e resulta que o amigo común tamén era narcotraficante. Dixo que puxera fin á relación con Marcial Dorado en 1997 ao saber que tiña causas pendentes coa xustiza –tardou moito en sabelo, por certo–, pero, en calquera caso, logo soubemos que seguiu mantendo esa relación entre os anos 2001 e 2003. Primeiro negou que as empresas do señor Marcial Dorado tivesen contratos coa administración, e despois admitiuno, pero iso si, intentando desviar a atención sobre os contratos coa Administración Fraga, a administración á que vostede per-

tencia, señor Feijóo, cando mantiña esa relación estreita e prolongada no tempo co señor Marcial Dorado.

E voltou mentir efectivamente hai catorce días ante esta Cámara, ante a Cámara que representa a vontade do pobo galego, cando para xustificar a ocultación de información, para xustificar que vostede non aporte os contratos anteriores a 2003, dixo textualmente que as regras de contabilidade e de fiscalización só obrigan aos órganos que xestionan fondos públicos a ter dez anos os contratos arquivados, o cal é, señor Feijóo, unha falsidade.

Por iso, señor Feijóo, ¿cando ten previsto empezar a dicir a verdade sobre a súa relación con Marcial Dorado? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Jorquera, volve vostede poñer en dúbida todo: o presidente da Xunta, o Goberno, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral do Estado, o Ministerio de Facenda, o Goberno de España e Bruxelas. Señoría, o déficit público sinalao o Ministerio de Facenda, compróbase por Bruxelas e, posteriormente, apróbase.

E, en consecuencia, señoría, non me estraña que poña en dúbida a miña persoa –iso é o de menos–. Preocúpame que poña en dúbida as institucións. E as institucións, señoría, acreditan que Galicia é unha comunidade autónoma solvente. Se por vostede fora, estaríamos na situación de Cataluña ou na situación doutras comunidades autónomas que non son capaces de colocar a súa débeda pública. Se por vostede fora, señoría, Galicia estaría intervida. Pero temos un déficit público auditado e temos un déficit público contrastado e temos un déficit público, en definitiva, que está auditado por quen ten que auditalo, que non é nin vostede nin eu, senón a Intervención Xeral do Estado, o Ministerio de Facenda e definitivamente as autoridades europeas.

Señoría, de todo o que me dixo hoxe non hai nada novo, e reitírolle: todo o que dixen na Cámara mantéño, cada cousa

que dixen mantéño, sen emendas nin raspaduras. (*Murmurios.*) E todo o que dixen na comparecencia ante os medios de comunicación mantéño, sen emendas nin raspaduras.

Señoría, o que me preocupa do que dixo hoxe si me gustaría aclaralo: é a situación das familias que se atopan atrapadas polas preferentes. Iso si que me preocupa, (*Murmurios.*) sen ningunha dúbida. O que vostede pensa de min preocúpame menos. As familias das preferentes, si.

Mire, señoría, se vostede di que se fixo un paripé, probablemente o primeiro paripé o fixo vostede cando trae a esta Cámara unha cuestión na que non ten competencias a Cámara para decidir, (*Aplausos.*) senón que ten competencias o Congreso dos Deputados. Primeiro paripé. (*Murmurios.*)

Señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o segundo paripé é que vostede me está facendo responsable...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dos 230.000 preferentistas de Bankia, e estame vostede aquí facendo responsable dos cataláns que teñen atrapados os seus aforros en Caixa Cataluña.

Nós onte non falamos disto, señoría. Nós falamos de Novagalicia Banco e vostedes en Madrid falaron de Bankia, falaron de Cataluña Caixa e tamén de Novagalicia Banco, pero non é o mesmo debate, señoría, (*Murmurios.*), non é o mesmo debate. Non faga paripés...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e non siga utilizando a xente.

Señoría, levamos traballando como os que máis. É a comunidade autónoma con máis arbitraxes...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...será a comunidade autónoma que devolva máis, e dígolle, señoría, que non imos parar ata que o 100 % dos aforradores volvan recuperar o 100 % dos seus aforros.

¿Quere máis compromiso, señoría? ¿Quere máis compromiso? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para réplica o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, señor Feijóo, traizoouno o subconsciente, porque, claro, vostedes votan en contra da quita aquí, porque aquí segundo vostede non hai competencias, e onde hai competencia votan a favor da quita. Traizoouno o subconsciente. (*Aplausos.*)

Mire, en segundo lugar, o Consello de Contas é unha institución. É o Consello de Contas o que dixó que vostede facía trampas coas contas públicas.

En terceiro lugar, Lei do patrimonio cultural de Galiza. Artigo 77. Integran o patrimonio documental os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos no exercicio da súa función por calquera organismo de carácter público existente en Galiza. Artigo 80.3. Baixo ningún concepto se poderán destruír os documentos mentres subsista o seu valor probatorio de dereitos e obrigas das persoas e dos entes públicos.

Por iso os expedientes de contratación, señor Feijóo, están valorados nos arquivos galegos como de conservación permanente e non poden ser destruídos. ¿E quen era o máximo responsable daquela documentación da Consellería de Sanidade? Vostede, señor Feijóo. Por tanto, ou mente ou está admitindo a comisión dunha ilegalidade.

Señor Feijóo, o mellor servizo que lle pode facer a Galiza e ao seu propio partido é dimitir, porque vostede perdeu totalmente a credibilidade. E nin Galiza nin o seu propio partido se poden permitir o luxo de ter un presidente perseguido pola sombra dunha relación que mancha a imaxe do noso país.

Mire, vostede intentou marcar distancias con Bárcenas e coa trama Gürtel, mesmo intentou cultivar unha imaxe de rexeneración dentro do PP, pero segue sen explicar por que

mantivo a Pablo Crespo en Portos de Galiza sendo vostede conselleiro. Segue sen explicar a curiosa coincidencia de que no xuízo aberto pola Audiencia Nacional contra Marcial Dorado estea tamén imputado por pertenza a organización delituosa e por branqueo de capitais o señor Félix Pancorbo,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: ... o avogado de Marcial Dorado, de Pablo Crespo e doutros implicados na Gürtel.

Señor Feijóo, diga dunha vez a verdade sobre a súa relación con Marcial Dorado, aporte dunha vez os contratos e polo ben de Galiza, señor Feijóo,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...presente a súa dimisión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para réplica o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría.

Vostede entenderá que, dado que levo tres preguntas e aínda me queda outra, me reserve algunha información sobre (*Murmurios.*) a Lei de patrimonio cultural e outras cuestións a que vostede acaba de aludir. Porque, como parece que vostedes non son partidos independentes, pretenda que teña un pouco de respecto pola segunda persoa dese bloque que me vai preguntar.

Señoría, imos seguir falando do que queira, xa lle digo. Os temas que vostede trae aquí (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) interésanme especialmente, porque mentres vostedes están entretidos nisto, nós seguimos traballando nos problemas da xente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, señoría,...

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...vostede fáleme da quita. Sabe perfectamente, igual ca min, que as dúas posibilidades que teñen os preferentistas é a vía xudicial e a arbitrase. A vostede, como non está de acordo coa Unión Europea, (*Murmurios.*) nin está de acordo cos tratados europeos, nin está de acordo con Bruxelas, nin está de acordo coa Constitución, nin está de acordo co Estatuto, dálle igual; pero nós, nós representamos o Estado de dereito (*Murmurios.*) e representamos as institucións; por iso, señoría, as dúas fórmulas, a quita, a quita, sabe perfectamente que é a única que está prohibida na Unión Europea.

¿Como se resolve isto? Pois buscando unha fórmula para que non haxa quita. ¿Cal é a fórmula para que non haxa quita? A arbitrase. (*Murmurios.*) Esa mesma que vostedes estaban indo polos pobos dicíndolle á xente que non colle-ran a arbitrase, que os ían enganar. (*Aplausos.*) 18.000, 18.000, señoría, 18.000.

Mire, señoría, vostedes enganaron a 18.000 persoas, que se non tiveran solicitado a arbitrase non tiñan o 100 % dos seus aforros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Voulle dar outro dato, señoría. Neste momento Novagalicia Banco ten autorización para devolver os aforros daquelas persoas que non tiveron a información axeitada e que teñan menos de 10.000 euros atrapados. Iso significa, señoría, que nas próximas semanas máis de 20.000 persoas van ter o 100 % dos seus aforros nas súas casas. (*Aplausos.*) Xunto, xunto, señoría, xunto, si, si, xunto, si; 20.000, 20.000, 20.000, 20.000. Iso significa, señoría, que o número de arbitrases vai subir ao redor de 300 arbitrases diarias. Iso significa, señoría, que neste momento xa o 60 % de todas as persoas que solicitaron a arbitrase (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) teñen asegurado os seus aforros, grazas a ter unha postura legal, coherente e honesta e non enganar a ninguén, señoría, a ninguén, a ninguén. (*Aplausos.*) Si, señoría, a ninguén.

A señora PRESIDENTA: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, señoría, digo: o 60 % de todos os que solicitaron...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a súa arbitrase teñen os seus aforros asegurados ao 100 %, sen quitas. E se me pregunta vostede que imos seguir facendo cos demais, o mesmo: dando a cara e traendo solucións e non enganando a ninguén.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as declaracións do presidente acerca da presunta destrución de expedientes oficiais de gastos da Xunta de Galicia con relación a Marcial Dorado

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a pregunta, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, presidenta.

Bos días, señor presidente da Xunta de Galicia. Vólvolle recomendar a lectura dun texto xa clásico que é *A arte da mentira política*. Coido que vostede é un bo reflexo do que se fala, do que trata esa obra clásica.

A nosa pregunta —a cuestión vou ir— é ben sinxela, señor presidente. (*Risos.*)

Vostede apelou na anterior sesión de control á condición de licenciada en dereito desta persoa que lle fala cando cuestionamos ou pedimos os contratos vinculados ao señor narcotraficante Marcial Dorado, un señor que resultou que vostede coñecía ben e ademais que non se presenta aos concursos públicos como Marcial Dorado, S.A., é dicir, que vostede sabía perfectamente cal era o entramado empresarial dese inefable que hoxe está condenado por narcotráfico.

Vostede díxome que, efectivamente, non podía entregar eses contratos porque transcorridos dez anos había que destruílos. Vostede mentiulle a esta Cámara, mentiulle a esta

voceira, que representa a máis de 200.000 votantes, e, sobre todo, mentiulle e violentou ao conxunto de arquiteiros deste país. Efectivamente, artigos 78, 79, 80 e seguintes da Lei de patrimonio cultural de Galicia, nos que se di que, efectivamente, se vostede destrúe eses documentos, cometería un delito. Pero non soamente iso, señor presidente. Artigo 55 e seguintes da Lei de patrimonio estatal, que tamén se aplica con carácter subsidiario, no que di que, no seu caso, en caso de proceder a unha destrución, alguén tería que ter ordenada esa destrución e terían que constar nun expediente administrativo as razóns polas que se destruíron.

Señor presidente, ¿por que lle mentiu á Alternativa Galega de Esquerda cando dixo que destruíra xustamente os expedientes que traían causa dos anos anteriores ao 2003? Señor Feijóo, ¿que ten vostede que ocultar? ¿Por que casualmente entregou unha relación de pagos vencellados a Marcial Dorado en todas e cada unha das consellerías da Xunta de Galicia agás casualmente a que vostede dirixía no segundo posto, no Sergas?

Señor presidente, ¿vai dicirmos hoxe a verdade? ¿Por que afirmou este feito cando –volvo repetir e culmino, señora presidenta– causou o estupor dos arquiteiros do noso país?

Nós sabemos que tanto na Cidade da Cultura como na nave do Tambre constan eses documentos. ¿Vainos entregar eses contratos, como ten dito que ía facer diante de todos os medios de comunicación? ¿Vai seguir mentindo, señor Feijóo?

A única verdade que vostede dixo ata o de agora nesta Cámara...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PEREZ: ...é que só sabía unha cousa: que había neve. Esa é a única verdade que polo de agora dixo vostede ao conxunto de galegos e galegas deste país.

Prégolle, señor presidente, que me diga soamente por que mentiu,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...cando é unha evidencia que a lexislación impide facer o que vostede acaba de afirmar hai tan só quince días. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder ao presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señorías, non me citou o texto. Gustaríame, se é posible, que mo cite para poder coñecer exactamente que é o que me quere dicir.

Señoría, vostede acaba de dicir unha cousa na Cámara que creo que todos escoitamos con moito interese. Vostede di que hai documentos na nave e no arquivo que non queremos ensinar. ¿Vostede mantén ese pronunciamento? ¿Vostede segue dicindo que hai documentos nunha nave que non queremos ensinar? Vostede acabao de dicir. ¿Vostede mantén que no Tambre ou no arquivo da Cidade da Cultura hai documentos que non queremos ensinar? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, espero que me aclare isto, porque me parece fundamental, me parece fundamental, señoría.

Mire, señoría,...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...por moito que intente retorcer a realidade, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* a realidade non vai mudar...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente. Presidente, perdoe un momento.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por moito ruído que fagan, o ruído o que oculta é a verdade, e a verdade está neste Parlamento, nas nosas comparecencias, e na comparecencia do secretario xeral técnico de Sanidade, que debería de terlle un respecto ao secretario xeral técnico de Sanidade, porque é interventor da Seguridade Social.

Señoría, vostede cítame textos. Está moi ben, pero ¿por que non me cita os textos completos? ¿E por que lle oculta á

Cámara que ten que funcionar unha Comisión... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, chámooa á orde por segunda vez, e xa sabe o que significa a terceira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de Selección Documental, que é a que sinala os documentos que se teñen que manter e aqueles que pola súa falta de relevancia non se manteñen. ¿Por que non sinala, señoría, a Comisión de Selección Documental, que está nas leis e que non cumpre a súa función segundo o seu plantexamento? ¿Por que? ¿Por que nos oculta dúas cuestións? A primeira, dicindo, señoría,... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente, perdón, presidente. Presidente, perdón.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que hai cousas que non queremos ensinar; e a segunda, señoría, ocultando a legalidade da cuestión. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Presidente, perdoe un momento.

¡Señor Beiras! Señor Beiras, señor Beiras, señor Beiras, non pode estar vostede interrompendo cada pleno; se o chamo á orde unha vez máis... Faga o favor. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Señor Beiras, se quere vostede protagonismo, que llo dea o seu grupo. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pois entón... Señor Beiras, ou cala vostede... Señor Beiras, ou cala vostede ou teño que chamalo á orde unha vez máis. Faga o favor e respecte esta Cámara.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Fernández, retire o que dixo. Ten unha chamada á orde, ¡eh! *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Faga o favor.

Señor presidente, continúe vostede.

Silencio, por favor. Ten a palabra... ¡Silencio, por favor! Ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, alá vostedes, sigan dando este espectáculo, este circo e sigan denigrando o Parlamento de Galicia, que é a institución máis importante do noso autogoberno. *(Aplausos.)* Sigam, señorías, sigan por aí, sigan por aí.

Señoría, reitero o que lle dixen: é moi importante para todos que vostede clarifique se é verdade que o Goberno ten documentos que non quere ensinar agochados nunha nave do Tambre...

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e na Cidade da Cultura.

É que falar, falar, señoría, xa está ben, sobre todo, se é posible, é fundamental.

(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, chamada á orde por segunda vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, a Comisión –reitero, señoría–, se vostede quere saber algo dos arquivos da Xunta, a Comisión de Selección Documental é aquela que concreta os documentos que teñen arquivo permanente e aqueles que non. ¿Que pasou, señoría? Esa é a cuestión.

¿Que respostou...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o secretario xeral de Sanidade? Reitero a súa resposta. Ata o ano 2000 os expedientes dos hospitais estaban nos hospitais e a partir de finais do 99 hai unha instrución da

Consellería de Economía que sinala que se teñen que arquivar os expedientes orixinais. Os hospitais facían exactamente o mesmo que se facía nos ...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...hospitais do Insalud. E, polo tanto, agora nós ditamos xa unha orde do ano 2010 e temos unha Lei de arquivos que presentaremos como está comprometido nesta lexislatura. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero –reitero–, señoría, non faga cuestións de sombra.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, demos máis información da que pedía. Podiamos dicir que...

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, segunda chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non había eses expedientes; non o fixemos. Demos todos os pagos que temos e seguiremos dando todos os pagos que temos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis transparencia, imposible, señoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor presidente, o único que é espectacular, o único que é unha vergoña para este país é

ter un presidente que ten como amizades narcotraficantes: un morto, o señor Manuel Cruz, e outro na prisión, na cadea, condenado efectivamente por delitos graves. Esa é a única vergoña. A única vergoña é que mesmo saíamos na prensa internacional por termos un presidente que as súas amizades ou se pon ao carón dos narcotraficantes, dos capos da mafia, e non das persoas que sufriron as consecuencias da droga. Esa é a única vergoña para este país, non é este grupo parlamentar, é vostede, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* vostede, ese César que mente permanentemente diante desta Cámara.

A pregunta era sinxela, señor presidente, e quedou reflectido: mentíulle a este grupo parlamentar, mentíulle a Galicia cando dixo que estaban destruídos os expedientes, mente hoxe, porque sabe perfectamente –e aquí está– que xa hai unha norma que regula os arquivos deste país, señor presidente. Deixe de mentir, non é necesario que faga unha lei, xa temos unha norma. Acaba de dicir ademais que efectivamente os historiais computaban e constaban nos hospitais de Galicia, efectivamente.

A pregunta é, señor Feijóo: ¿destruíron ou non os expedientes vencellados dende o Sergas con Marcial Dorado? Díganos tan só unha verdade, porque o que é certo, señor presidente –e nós sumámonos a ese espírito seu de honestidade e honradez–, é que cando un presidente mente, como dixo nos pasados tempos, debe dimitir.

E vólvolle dicir: nós respectamos os 41 deputados que teñen nesta Cámara. Que pase o seguinte, señor Feijóo,... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio!

A señora DÍAZ PÉREZ: ...pero vostede, coas súas relacións cun narcotraficante, non pode seguir presidindo este país. Díganos dunha vez por todas cal foi a razón...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...pola que mentiu dicindo que estaban destruídos eses expedientes, porque sabe que se iso é certo, señor Feijóo, estaría cometendo un delito.

Só sabemos que había neve, neve seguramente...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...en sentido lato, señor presidente. Esas son as súas palabras, non as nosas.

As súas amizades perigosas, o narcotráfico, vostede ao carón dos mafiosos, vostede a carón dese señor...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que fixo un ingreso multimillonario... *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz. Remate, por favor. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra para réplica o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É dificilmente compatible dicir a verdade e dimitir simultaneamente. Polo tanto, como vou dicir a verdade, non vou dimitir en ningún caso, señoría *(Aplausos.)*, en ningún caso; nin vou dicir a verdade nin vou dimitir.

Señoría, vostede vólleme preguntar: ¿destruímos algún papel en relación coas empresas dese señor? Non, ningún papel, ningún documento, ningún contrato, nada de nada.

Vostede, iso si, hoxe quedou claro e retratouse. Dixo que tiñamos documentos agochados na nave do Tambre e no arquivo da Cidade da Cultura e non foi capaz de mantelo, porque iso si que é unha solemne mentira, señoría, *(Aplausos.)* unha solemne mentira. Ese é o seu problema, señoría.

Señoría, xa lle dixo o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade –que se non me cre a min, polo menos crea a el– que non se pode ensinar os contratos que non existen, señoría. E o que fixemos foi dar toda a información; non mentira que dea máis información porque lle estaría mentindo; demos toda a información.

Non habendo documentos que a sosteñan, demos o documento fundamental, que son os pagos. ¿De que vale ter con-

tratos se ao final non podemos acreditar que se paga? O importante é o que se pagou, señoría; o importante é a relación comercial –se é que a houbo– entre membros da Xunta de Galicia e as empresas, señoría.

E non quero falar de contratos que si ten a Xunta de Galicia, de contratos a dedo, de contratos –centenares– á mesma empresa, centenares á mesma empresa, sen publicidade e sen concorrência, señoría. Pero se vostede me segue preguntando, vou ter que falar diso. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vólvolle reiterar: mire, señoría, temos dado máis explicacións e máis información que nunca. Levamos dous meses, podemos seguir catro, seis, oito, quedánnos tres anos e medio para seguir falando disto, non hai ningún problema. O problema, señoría, é que hai moitos galegos que se estarán preguntando para que serve a oposición. Hai moitos galegos que se estarán preguntando se a oposición nos segue falando do que pasou hai vinte anos e, como non atopa nada, segue furgando e furgando e furgando a ver se atopa o que non hai. Pois non é posible atopar o que non hai, señoría, esa é a cuestión.

Mire, mentres vostedes están facendo estas cousas, nós intentamos ir a México a intentar reflotar o sector naval, que nos atopamos afundido, señoría. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Si, e aprobamos as leis, e diminuímos os impostos e seguimos consolidando o benestar.

Señoría, leva vostede catro plenos,... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...iso si, liderando a oposición. *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso é verdade. Leva vostede catro plenos liderando a

oposición, e dáme a sensación de que ese é o único obxectivo que ten: liderar a oposición; o país non lle importa nada.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con que sigan vostedes así. Só lles queda unha cousa: ir en coalición electoral co señor Dorado ás próximas eleccións.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

(Interrupcións.) (Murmurios.)

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, ¿para que quere a palabra? *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Cal é a cuestión de orde?

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Martínez, señora Martínez, señora Martínez, chámoo a orde por terceira vez e pídolle que abandone o hemiciclo.

(A señora Martínez García abandona o hemiciclo)

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo, chámoo á orde por segunda vez.

Señora Beiras, ¿para que quere a palabra?

O señor BEIRAS TORRADO: Pois déame voz, si. Para unha cuestión de orde.

A señora PRESIDENTA: Dígame: ¿cal é a cuestión de orde?

O señor BEIRAS TORRADO: A cuestión de orde é que me parece que a Presidencia ten o cometido de ordenar os debates, e igual que nos chama á orde ou á cuestión aos membros

da oposición, non comprendo como non fai o mesmo cunha persoa que é deputado como calquera de nós, aínda que sexa presidente da Xunta, investido por esta Cámara, e que sistematicamente nas preguntas ao presidente, no canto de contestar, pregunta á oposición. Eu non entendo que maneira de aplicar o Regulamento da Cámara teñen vostedes cando permiten iso sistematicamente, e ademais para facer provocacións.

E, finalmente, se vostede chamou á orde simplemente a unha compañeira aquí agora e lle di que marche do Pleno, ese individuo acaba de afirmar...

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras...

O señor BEIRAS TORRADO: ...que nós podíamos ir con Marcial Dorado. Isto é unha aldraxe á cousa máis elemental da nosa ética... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras...

O señor BEIRAS TORRADO: ¿En que quedamos? ¿Aquí hai dúas, catro, cinco ou seis varas de medir? E non me diga que quero protagonismo, *(Murmurios.)* simplemente son un deputado digno, e esta Cámara merece que sexamos deputados dignos, como esta parte, e non o que hai por aí...

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, xa lle dei a palabra para unha cuestión de orde... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois paréceme moi ben. Xa tivo vostede a palabra e xa se explicou vostede; polo tanto, o único que lle podo dicir é que, efectivamente, queda constancia da súa queixa coa cuestión de orde que planteou. *(Protestas.)*

Continuamos coa orde do día co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de protección e exclusión social, loita contra a pobreza e apoio á infancia

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.